




A chuvia que miro caer
Sobre a area da praia é a
chuvia que mollaba o peixe
sobre as cabezas das mulleres dos
meus poucos anos, do Portiño
ao mercado de San Agustín
ou á praza de Lugo. Ou quizais
non é a mesma chuvia. Benedetti
ensinounos que, sendo todos
os ceos lindos, só
os ceos da propia terra son os
que un sabe intimamente seus.
Os meus, en calquera caso,
aquí e alí, teñen o perfume
dos de abaixo. Das que buscan
as palabras para dicirse. Lin o
outro día nun muro,
grafiteado: Teño os
pés firmemente
chantados no ceo.

A chuvia que sinto na uralita do local é a chuvia que me leva de Santa Teresa até a infancia. Empápame os recordos e traza unha liña de sol por riba do mar, que se deita nos meus cabelos dos catro anos, chegada aos Mariñeiros. Teño a miña nai diante, Mercedes. Acaríñame a cabeza coas mans duras das faenas cotiás e mírame coa dozura do mundo concentrada nun lene sorriso de esperanza. Sabe que as cousas poden ser doutra maneira, que o mundo e nós poden – podemos- ser outra cousa. Linllo así, máis ou menos, a un neno que medrou á escrita nos tesos cumes do Courel, Uxío Novoneyra. E imaxino que iso mesmo era aquilo que miña nai me dicía sen abrir a boca, sen nunca ter lido a ninguén que escribise na súa lingua viva, humilde, feita de menos, prohibida, proletaria.

A chuvia que sinto na uralita, enriba da cabeza, no local comunal sobre o vello Guanacaste, ábreme a gaveta das lembranzas e púsame a mirada na miña irmá Chiruca. Avanza uns pasos cando un señor traxeado pronuncia o nome da familia, e abre as mans. O señor entrégalle unhas chaves. Son as chaves da nosa casa, da nosa videnda de *protección social*. A xente –hai moita xente ese día, toda vestida coa mellor roupa da que dispón- aplaude. Escóitanse aturuxos e bailes arredor do cruceiro. Sinto aos homes falar de como quedou o grupo veciñal. E as nenas e nenos do novo barrio xogamos polos lugares a descubrir, alleos a toda a impostura imposta.

Pasaron tantos anos! Daquela a hoxe gañamos enrugas na faciana, feridas na pel, coñecementos. E perdemos a inocencia. Tamén a lingua. A lingua dos Mariñeiros, a lingua da miña avoa Lola, a lingua das xentes coas que medrei, a nosa lingua, non entraba na escola. Ficaba expulsada no patio, escrita na pedra do ostracismo. Eu fun a primeira da familia en falar castelán. Hoxe sei que saber linguas é anhear a comprensión do mundo, que cada unha é valiosa de por si e que en cada idioma hai un mapa que cartografía a vida dunha forma diferente á dos demais. Por iso agradezo saber linguas. Mais non puiden aprender a miña propia na escola, non me deixaron.

A chuvia que miro caer sobre a area da praia é a chuvia que mollaba o peixe sobre as cabezas das mulleres dos meus poucos anos, do Portiño ao mercado de San Agustín ou á praza de Lugo. Ou quizais non é a mesma chuvia. Benedetti ensinounos que, sendo todos os ceos lindos, só os ceos da propia terra son os que un sabe intimamente seus. Os meus, en calquera caso, aquí e alí,

teñen o perfume dos de abaixo. Das que buscan as palabras para dicirse. Lin o outro día nun muro, grafitado: *Teño os pés firmemente chantados no ceo.*

Escribir é, tamén, escoller palabras. Escollo unha palabra: terra. A terra non se vende. A chuvia, esta chuvia que me empapa –saín fóra, para deixarme mollar polo trópico en novembro-, non se vende. A mirada dos humildes non se vende. Escollo unha palabra, indíxena en toda a parte, raíz, vida, futuro. Os que non temos outra cousa, temos a consciencia e a humildade da Terra. A certeza de sermos, no noso non ter, a cara do esforzo e a cor do porvir, do necesario. escoiten, rapaces e rapazas, a canción dos mapuches. escoiten neste intre a Calle 13, “Latinoamérica”. escoiten a fala negada das obreiras de todos os barrios e fábricas e campos de algodón. Vexan nas miñas mans que escriben este texto a negra terra que dá patacas, millo, dátiles, pedras para lanzar contra a pobreza de todos os ceos.

Escribo isto porque antes lin. A escribir apréndese lendo, lendo moito. Lendo mal e lendo ben. Lía cando andaba traballando de comercial, de aquí para alí, e á miña filla lle mandaban ler na escola. Eu collía a súa listaxe e mercaba o mesmo título que ela collía na Biblioteca. Era unha maneira de compartir con ela, de aprender con ela. Así gocei “Momo”, “La Colmena”, “Memorias nun neno labrego”. Lin antes e lin despois, moito, con voracidade. Hoxe, que teño centos de libros, gárdoos dun xeito especial porque na miña casa, cando eu era nena, non había ningún. Cada un dos que hoxe teño son un pequeno símbolo, que me lembra o esforzo que teñen detrás.

Amo os libros -a estas alturas xa vos daríades conta- porque amo as palabras. Porque as palabras levan dentro a maxia de nos poder transformar. Á casa da miña nai chámalle a casa “das Paroleiras”, e hoxe sei que non é por acaso. Quizais no cerne do que son se atopaba xa o anxeio de ser ourives da palabra. Mais tamén sei que de nada serven as palabras se non se dedican ao que merece a pena, ao que cómpre en cada terra e cada tempo, ao que nos fai mellores.

Aquí, en Santa Teresa, a chuvia que cae sobre a uralita é a mesma –ou quizais non- que caía a primeira vez que cheguei a este lugar e souben que sería para moito tempo. Sen servizos, sen auga, nun local enlameado e destartado, imaxinei unha escola para a xente desde pobo e comecei a construíla desde os soños e a constancia. Hoxe témola en pé e estamos orgullosas: con aulas, comedor, medios dignos, e dentro dela cen mozos e mozas de secundaria, entre doce e dezoito anos, que aprenden non só o saber dos libros de texto, senón o coñecemento, autoestima e valor da súa propia cultura, da súa propia identidade. Esta é a miña vida, hoxe. Son profesora, narradora oral, escritora, activista da palabra e da lectura. Son o que digo, o que escribo e o que leo. E son tamén o repique desta chuvia, que non cesa, que nos enche de vida e lentamente molla as nosas ilusións para que florezan, nela, as palabras da esperanza.

